



PLAN DE ACTIVIDADES 2018

REUNIONS

Levaranse durante o ano unha serie de reunións cos responsables políticos das distintas administracións, para explicarlle os nosos obxectivos e reivindicacións.

Reunións Concello:

- ✓ **Plan de inversións do rural.-** Solicitáraselle que tanto as obras que quedaron sen adxudicar da 1ª fase (2017) coma as da 2ª fase (2018), se realice unha modificación de crédito para poder realizalas durante o ano 2018, así como a creación dunha comisión para o seguimento das mesmas.
- ✓ **Convenio de colaboración.-** Solicitáraselle que o convenio este reflíctao nos presupostos municipais para o 2018, e aprobado antes de mes de maio, así como o incremento da súa contía ata os 20.000 euros, de non aprobarse os presupostos no mes de maio, levar a pleno unha modificación de crédito para poder asinalo.
- ✓ **Presupostos municipais.-** Solicitáraselle que as partidas orzamentarias das concellerías de Participación Cidadá e de Perímetro rural suban con respecto o 2017, un 20%.
- ✓ **Subvencións actividades culturais e festivas.-** Solicitárase que para os seguintes presupostos, se recupere a liña de subvencións para actividades culturais así como a liña de subvencións en especie para as festas patronais.
- ✓ **Subvencións participación cidadá.-** Solicitárase que se recuperen as liñas de subvención de equipamentos e que as subvencións para actividades estean aprobadas antes do mes de xuño.
- ✓ **Presupostos participativos.-** Solicitárase que se dedique unha cantidade non inferior os 500.000 euros para os presupostos participativos, ata que se poda chegar ata o 1% do presuposto..
- ✓ **Limpeza no rural.-** Necesidade de facer cumprir a ordenanza de limpeza nos núcleos rurais, tanto na limpeza viaria coma na recollida de lixo de non ser así, que se rescinda o contrato coa empresa.
- ✓ **Taxas:** Solicitárase a modificación da ordenanza de taxas, para que as asociacións sen ánimo de lucro non paguen pola utilización de edificios municipais nin por ocupación de espazos públicos.
- ✓ **Declaración de interese público municipal.-** Solicitárase que se cumpra o regulamento e se proceda a declaración de interese público municipal aquelas asociacións que o soliciten e cumpran coa normativa.
- ✓ **Consellos de distrito.-** Solicitárase a creación dos consellos de distrito así coma o Consello social da cidade.
- ✓ **Plan Xeral de Ordenación.-** esixir o grupo de goberno que antes de aprobar o PXOM, se solucione o das vivendas fora de ordenación nas estradas da Xunta e Deputación.



Reunións Deputación

- ✓ **Subvencións 2017.-** Solicitaráselle que as bases para optar as subvencións, se publique no BOP antes de finais de febreiro de cada ano, para que poidan estar resoltas no mes de maio e poder ser cobradas en setembro ou outubro,
- ✓ Que os prazos para resolver se reduzan os dous meses en vez de os catro actuais.
- ✓ Que se rebaixe a contía dos proxectos de 1.500 a 1.000 euros.
- ✓ Que os fondos para as subvencións as asociacións medren un 25%.

Reunións Subdelegación do Goberno

- ✓ **Participación xunta de seguridade local.-** Participarase nas dúas convocatorias da xunta local de seguridade do 2016, xuño e decembro.

ACTIVIDADES

Realizáranse unha serie de actividades organizadas para as asociacións de veciños do rural e periferia do Concello de Ourense, tendentes en primeiro lugar a facer piña entre nos a través de andainas, xogos, cursos e reunións de confraternización e en segundo lugar reivindicando e buscando solución os problemas que presenta na actualidade o rural e a periferia do noso concello, a través de audiencias cos responsables políticos das distintas administracións.

- ✓ **IX Convivencia Veciñal:** Celebrarase o día 19 de maio, cunha participación superior o ano anterior sobre 700 persoas, entre participantes, invitados e medios de comunicación. Realizarase no campo da feira, suficiente para acoller os participantes, o xantar comezará as 14:30 horas, o menú consistirá en polbo a feira, carne o caldeiro, bica, viño e licores. As 16:30 horas contaremos coa actuación dun grupo musical e procederase o sorteo de 3 xamóns, finalizando pasadas as 18:00 horas.
As entradas cobráranse a 10 euros para os adultos e a 5 para os rapaces maiores de 10 anos, o remate do xantar regalaráselle un detalle os participantes consistente nunhas tarteiras de barro, co anagrama da agrupación. Esta actividade será subvencionada polo Concello e Deputación.
- ✓ **IX Andaina Veciñal:** Realizarase o día 17 de marzo polas marxes do río Miño, cunha participación estimada de 250 persoas, entre adultos e nenos, os que se lle agasallará cun detalle consistente nunha gorra co anagrama da agrupación.
Darase a saída as 11:00 horas, realizaranse dous percorridos distintos:
Curto de 7 kilometros, dirixido a persoas maiores e nenos, dende o Campo da Feira, Oira, pasarela de Oira, Parque Miño, pasarela centro comercial, A Chavasqueira e chegada o campo da feira.
Largo de 15 kilometros, dende o Campo da Feira, Oira, pasarela de Oira, Parque Miño, Outairiz, O Tinteiro, A Chavasqueira e chegada o Campo da Feira, haberá 2 puntos de avituallamento abicados en Outairiz e a pasarela de Oira, neles repartírase auga e froita.
Unha vez terminada a andaina invitarase a tódolos participantes a un almorzo campestre no propio Campo da Feira, a base de empanada, tortilla, xamón asado, queixo fiambres, pan viño cervexa e refrescos. Esta actividade será subvencionada pola Deputación e o Concello.



- ✓ **Viaxe cultural:** Realizarase o sábado día 7 de abril, a unha cidade de Galicia, para coñecer a súa riqueza cultural e paisaxística, saírase as 8:00 horas en autocar dende os puntos que fixen as asociacións participantes.
Realizarase unha parada de media hora para almorzar, as 11:00 horas chegamos o destino, onde realizaremos unha visita polo casco histórico.
As 14:30 horas xantaremos nun restaurante da zona, e pola tarde teremos tempo libre para visitar a cidade, ata as 20:00 horas que emprendemos regreso os puntos de partida.
O número de prazas será de 250 persoas que abonarán 20 euros os adultos e 10 os rapaces para pagar o, os autocares serán financiados polo Concello de Ourense.

- ✓ **Curso de poda e enxerto:** A finalidade do curso e que os participantes no mesmo adquiran técnicas de poda e enxerto de tódalas variedades de arbores frutais.
Participantes: 50 veciños distribuídos en 2 grupos de 25 alumnos, os que se dotará dunha carpeta coa documentación necesaria para o seguimento do curso.
Clases teóricas: Impartíranse na sede social os martes e xoves de 18:00 a 20:00 horas, no mes de marzo, cunha duración de 8 horas
Clase practica: Impartírase nunha finca no pobo de Pedraio (Pereiro de Aguiar) de 16:30 a 18:30, no mes de marzo, o desprazamento farase en autocar con saída da Alameda as 16:00, a finalización sorteáranse entre os alumnos 15 sérrochos e 15 tixeiras de poda.
Custo: O curso será gratuito, subvencionado polo Concello e Deputación.

- ✓ **Curso de informática Excel para directivos:** O obxectivo do mesmo e que os participantes adquiran coñecementos de habilidade no manexo de Excel.
Participantes: 40 directivos distribuídos en 2 grupos.
Clases: Impartírase os martes e xoves de 18:00 a 20:00 horas nos meses de abril e maio no local social cunha duración de 20 horas por curso.
Custo: O curso será gratuito, subvencionado pola Deputación e Concello.

- ✓ **Curso de conservas:** A finalidade do curso e que os participantes no mesmo adquiran coñecementos de preparación e envasado de conservas.
Participantes: 50 veciños distribuídos en 2 grupos de 25 alumnos.
Clases: Impartírase no mes de xuño, os xoves e venres de 17:00 a 20:00, na sede social, cunha duración de 9 horas por curso.
Custo: O curso será gratuito, subvencionado polo Concello.

- ✓ **Obradoiros de Arte Floral:** A finalidade dos mesmos e que os participantes no mesmo adquiran técnicas en arte floral.
Participantes: 50 veciños distribuídos en 2 grupos de 25 alumnos
Clases: Impartírase nos meses de xuño e outubro de 18:30 a 20:30 na sede social, cunha duración de 8 horas por curso.
Custo: O curso sera gratuito, subvencionado polo Concello e Deputación.

- ✓ **Conferencias:** Durante os meses de setembro, outubro e novembro, impartíranse unha serie de conferencias sobre temas de seguridade, saúde, PXOM, participación cidadá, etc.



- ✓ **Xuntanza do Nadal:** Realizarase o día 2 de decembro no Liceo, Tratase de render homenaxe a unha persoa por cada asociación integrada, pola súa contribución o movemento veciñal, coa entrega dunha placa conmemorativa e uns pinchos para despedir o ano. Esta actividade será subvencionada polo Concello e Deputación.

José Manuel García Casares, con D.N.I. número 34936024J, en calidade de secretario da Agrupación de AA.VV. do Rural e Periferia do Concello de Ourense.

CERTIFICO:

Que o presente Plan de Actividades para o 2018, foi aprobada por unanimidade, en sesión ordinaria da Xunta de Goberno do día 24 de Febreiro de 2018.

E para que así conste, asino o presente os vinte cinco un días do mes de Febreiro de dous mil dezaioito.

Vº e Prace
A PRESIDENTA

Asdo. Lorinda Fernández Faria

